FERROL EXCMO. CONCELLO DE FERROL

DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 28 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN Á ENTIDADE ARTHUR GORDON S.L. DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA PARA A RODAXE,MONTAXE E DIFUSIÓN DO DOCUMENTAL 10 DE MARZO. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2022041769). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas, que textualmente di:

" A xefatura de servizo de Cultura, Deportes e Educación con data 15.12.2022 emitiu un infome proposta có seguinte contido:

"O Concelleiro delegado de Cultura, Deportes, Educación e Universidade, ordena con data 26 de outubro de 2022 a tramitación do procedemento para adxudicar á entidade ARTHUR GORDON SL dunha subvención directa por importe de 8.900 € sendo a actividade subvencionada o rodaxe, montaxe e proxección da longametraxe documental "10 de marzo".

A. Ámbito normativo

A Lei xeral de subvencións, Lei 38/2003, regula no seu artigo 22 os procedementos de concesión. Entre estes procedementos inclúese a concesión directa con carácter excepcional de "...aquellas otras subvenciones en las que se acredite razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria".

Pola súa parte o artigo 28 regula este procedemento de concesión directa establecendo a resolución da concesión e no seu caso os convenios e os instrumentos a través dos cales se canalicen as mesmas, e regulando -para o ámbito estatal- o contido mínimo que conterá a súa aprobación.

Por último, a ordenanza xeral de subvencións deste Concello adica o seu artigo 20 ás concesións directas, sendo a destacar a súa atribución á Xunta de Goberno á competencia para aprobalas.

B. Interese público, social, económico ou humanitario, u outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

I. CUESTIÓNS XERAIS

A concellería de Cultura ten asignado ó exercicio a acción de fomento, acción que queda vinculada -polo tanto- ao seu ámbito competencial, e dicir, a promoción da Cultura (artigo 25.2m) da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local).

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:T504X8O32KZGE4DV

Polo tanto o interese público e social ten que quedar referido o ámbito específico das súas competencias propias da área: a promoción da cultura.

No ánalise desta cuestión hai que indicar que, con carácter xeral, a actividade de promoción da cultura se desglosa, a nivel teórico, en dous ámbitos ben diferenciados:

- Accións dirixidas a que o propio cidadán sexa o xenerador de expresións culturais.
- Accións dirixidas a que o cidadán sexa o receptor de expresións culturais.

A presente actividade de fomento sitúase no segundo dos ámbitos sinalados.

Os feitos obxeto do documental foron portada, naquelas datas, nos xornais ,*The Guardian* Le Monde *e The New York Times*.

Xa no réxime democratico, no ano 1997 o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha declaración institucional onde facía constar o especial significado do 10 de marzo.

Dende o ano 2006 o 10 de marzo ten carácter de efeméride non festiva na que se celebra o Día da Clase Obreira Galega.

Neste senso a elaboración e difusión dun documental que recolla e analice os feitos ocorridos nesta cidade o día 10 de marzo de 1972 é do máximo interese tanto para esta área -en canto o desenrolo das competencias que lle corresponden- como para o conxunto da sociedade, non só do Concello, senón da comarca: foi o resultado dunha das notas da idiosincrasia desta sociedade, a forza e combatibilidade do movemento obreiro.

O prantexamento da entidade promotora do documental de reconstruir os feitos o través de entrevistas cós protagonistas, así como material de arquivo audiovisual inédito, todo elo nunha linguaxe cinematográfica trepidante e emotiva axústase perfectamente á necesidade de gardar a memoria e difundir un dos feitos máis relevantes para a cidade acaecidos ó longo do século XX, onde -como queda dito- se puxo de manifesto a idiosincrasia do movemento obreiro deste concello.

Atendendo ó indicado concorre o suposto de interese social en materia cultural para o apoio ó dito documental.

II. DIFICULTADE DA CONVOCATORIA PÚBLICA

O artigo 19 da Lei 9/2007 (Lei de subvencións de Galicia), require a determiñación das razóns que **dificulten** a convocatoria pública da subvención que se prantexa como directa.

O certo é que a inciativa do documental é do sector privado e que ven precedido do éxito do documental asinado polo mesmo director, Roi Cagiao, "Vigo 1972" estreado no ano 2017 e que obtivo o Premio Mestre Mateo, sendo candidato -así mesmo- a outros premios na categoría de documental.

Polo tanto, trátase dun proxecto xa rematado e de constatada calidade, e que supón un seguimento do anterior documental en canto a análise do acontecido nos últimos anos de réxime franquista nas dúas cidades industriais por autonomasia de Galicia.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:T504X8032KZGE4DV

A aportación municipal únicamente pode acadar os 8.900 €.

Este feito de por sí dificulta, nos termos do precepto antes citado, senón imposibilita, a apertura dun procedemento de libre concorrencia, toda vez que, o proxecto de Arthur Gordon S.L./ Roi Cagiao, sobre os sucesos do 10 de marzo de 1972 en Ferrol xa esta en proxección, carecendo de sentido, nin en termos de oportunidade, nin en termos comerciais, prantexar un novo documental relativo ós mesmos feitos, toda vez que acadar a calidade deste documental (tendo en conta a laboura de investigación realizada) esixe financiación complementaria ó importe da subvención municipal -a cal é exigua en relación ós costes de rodaxe, producción e difusión- moi dificil de acadar para un segundo proxecto sobre idéntico contido.

Achégase proxecto de convenio informado pola Xefatura de Servizo de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Turismo.
A entidade beneficiaria non ten pendente de xustificar ningunha subvención, nin se ditou contra esta entidade resolución declarativa da procedencia do reintegro de ningunha subvención ou perda de dereito ao cobramento dela por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións; e non foi acordado, polo órgano que concede a subvención, como medida cautelar, a retención de libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario, referidos a esta subvención.
Por todo o anterior, proponse o seguinte:

Primeiro.- Adxudicar o seguinte gasto en concepto de subvención directa, ao abeiro do artigo 22.2.) da lei 38/2003, polas razóns xustificativas enriba indicadas:

- Adxudicatario: **ARTHUR GORDON S.L (B-06920391)**
- Obxecto da subvención: elaboración e difusión de documental sobor do 10 de marzo de 1972 en Ferrol.
- Importe:8.900 €
- Partida: 05101 3341 47900

Segundo.- Aprobar o convenio de subvención que se achega con este informe proposta."

Remitido o expediente á Intervención, esta emite informe con reparo suspensivo, reparo que levantei mediante informe de data 28.12.2022.

Atendendo ó antes sinalado propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o seguinte gasto en concepto de subvención directa, ao abeiro do artigo 22.2.) da lei 38/2003, polas razóns xustificativas enriba indicadas:

- Adxudicatario: **ARTHUR GORDON S.L (B-06920391)**
- Obxecto da subvención: elaboración e difusión de documental sobor do 10 de marzo de 1972 en Ferrol.
- Importe:8.900 €
- Partida: 05101 3341 47900

Segundo.- Aprobar o convenio de subvención que se achega con este informe proposta."

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita. "

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:T504X8O32KZGE4DV

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:T504X8O32KZG5E4DV

Firmado por : . ANGEL MANUEL MATO (R: P1503700E) Fecha : 29/12/2022
Cargo : Alcalde

Firmado por : LEOPOLDO TOMAS MOURE GARCIA - Fecha : 29/12/2022
Cargo : Secretario Xeral
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.